



**Sesión EXTRAORDINARIA celebrada polo Pleno do Concello
o día 12 de abril de 2016**

ORDE DO DÍA

Punto ÚNICO. Adopción de Acordos en relación a Modificación da Lei da Área Metropolitana de Vigo.

No salón de sesións da Casa do Concello, e sendo as catorce horas do 12 de abril de 2016 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Francisco Javier Alonso González, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Leticia González Guisande, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago e Xoán Carlos González Campo .

Non asistiu a concelleira Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera; actuando como secretaria, a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil .

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

Punto ÚNICO. Adopción de Acordos en relación a Modificación da Lei da Area Metropolitana de Vigo

ANTECEDENTES:

Ditame da comisión informativa de Interior que, transcrito, dí:

“Considerando que o Parlamento de Galicia, mediante a lei 4/2012 do 12 de abril, creou a área metropolitana de Vigo cuxo ámbito territorial está delimitado polos municipios de Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra e Miño, Soutomaior e Vigo.

Considerando que tras diversas reunións do concellos integrantes da área, ao obxecto de desatranca os impedimentos que imposibilitan a posta en marcha da citada norma, a Dirección Xeral de Administración Local remitiu unha proposta de modificación de dita lei, consensuada entre todos os concellos para a súa consideración por parte do pleno do Concello.

Resultando que as áreas metropolitanas son entidades locais integradas polos municipios de grandes aglomeracións urbanas, entre cuxos núcleos de poboación existan vinculacións económicas e sociais que fagan necesaria a planificación

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras sendo convinte que o Concello de Redondela participe na mesma cos efectos previstos na mesma lei.

Resultando que a modificación de dita lei, permitirá impulsar de inmediato o desenvolvemento da área metropolitana de Vigo o Alcalde propón ao pleno do Concello, previo ditame da correspondente comisión informativa, a adopción do seguinte acordo:

1º).- O Concello de Redondela presta a súa conformidade á proposta de modificación da Lei 4/2012 de 12 de abril, da área metropolitana de Vigo.

2º).- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Administración Local.

A Comisión Informativa de Interior en votación ordinaria e por maioría dos seus membros asistentes, en virtude do acordo plenario de data 30.06.2015, respecto da porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, votando a favor o Grupo Municipal do P.P (43%), e a abstención dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE (28%), e do Grupo Municipal de A.E.R. (19%), dictaminou favorablemente a Proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.”

INTERVENCIONS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que este pleno vai tomar unha decisión de calado e as distintas forzas políticas deberán estar á altura posto que se trata da creación dun ente que vai a permitir a prestación de servizos de calidade a toda a cidadanía. Sinala que o BNG sempre apostou pola area ainda que ata agora non existiu consenso, xa que no seu intre foi aprobada en exclusiva polo Partido Popular. Congratúlase do cambio de postura ainda que considera que diso pode facerse unha lectura electoralista xa que dito cambio veu dado polo resultado das últimas eleccións municipais. Estima que os intereses dos veciños e veciñas deben estar por riba dos particulares. Tamén di que hai unha dexación de funcións por parte da Xunta, que non fixo nada nos últimos catro anos para por en marcha a area metropolitana e que van a facer despois un seguemento da cuestión.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que coinciden en que é unha decisión moi importante para o futuro de Redondela ainda que estiman que o tema debería terse tratado doutro xeito xa que fora aprobado pola Xunta sen contar cos concellos e como non saíu agora se trata de modificar. Indica que ten moita incidencia nos servizos que prestan os concellos e a Xunta debeu tratalo con cadanseu deles e que no seu intre pediron que se fixera unha exposición pública do que é e o que significa a area metropolitana pero o Alcalde díxo que non porque xa estabamos dentro da mesma. Sinala que van a votar en contra porque hai varios puntos que non lles gustan xa que a toma de decisións se lle deixa a Vigo e non están dispostos a que Redondela se convirta nun barrio desa cidade.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que que é unha cuestión importante e houbo moitas xuntanzas a fin de solventar os atrancos que había e non parece posible sacar adiante un area metropolitana sen consenso. Van a apoiar a proposta ainda que creen que debe ampliarse xa aos concellos que manifestaron o seu interese en pertencer á mesma. Congratúlase de que sexa o parlamento e non o consello da Xunta o que tome a decisión ao respecto. Indica que unha das facetas máis importantes é a do



transporte metropolitano e considera que o Alcalde de Redondela non negociou suficientemente esa cuestión xa que en ningún momento tratou o tema do transporte por ferrocarril dando un paso firme para a súa potenciación.

A concelleira AMOEDO DASILVA agradece aos grupos que van a apoiar a proposta, o cal parécelles lóxico xa que é o paso necesario para por en marcha de xeito efectivo a area metropolitana. Non entende a postura de AER dado que parece que non aposta pola modificación da lei por un punto dos 7 que foron aprobados e dentro dunha negociación complicada. Sinala que o Alcalde de Redondela foi unha peza clave para o cambio de postura por parte de Vigo para desbloquear a area. Dí que Redondela non vai a ser un barrio de Vigo pero a area vai a beneficiar moito á cidadanía. Dí que a area non ten competencias en materia de transporte ferroviario aínda que se poida impulsar ou mellorar dende a mesma e que despois será viable a incorporación dos municipios que faltan.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a area é unha oportunidade para que concellos pequenos ou medianos teñan os mesmos servizos que concellos máis grandes. Parécelle que é unha das prioridades aínda que acepta que existe o reto de manter as condicións de cadanseu dos concellos para que non sexan absorbidos por Vigo. Indica que a estes efectos Redondela pode converterse nun referente, aproveitar as vantaxes de estar ao lado de Vigo e conservar a súa identidade.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que esta consulta é testimonial xa que Redondela está dentro con independencia do que hoxe de decida aquí. En canto ao transporte dí que o concello asumiu sufragar algo que era competencia da Xunta de Galicia. Parécelles que Vigo ten a sartén pola manga e sinala que non hai ningún informe técnico que indique cando nos va a costar.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o importante é establecer o que se quere para Redondela dentro desta area metropolitana como segundo concello en poboación. En canto ao financiamento di que hai que tener en conta que non se ten que participar en todos os servizos e haberá que ver o que é máis beneficioso para a cidadanía. Insiste en que sería mellor modificar agora a lei incorporando aos outros concellos e non comparte o protagonismo do Alcalde no desbloqueamento da area e considera que o goberno non cree no transporte ferroviario de cercanías.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que lle están a dar a Vigo unha importancia que non debe ter e que isto se está a debater en Redondela. Considera importante que se aprobara por unanimidade e non entende a postura de AER que vai a votar en contra dun texto consensuado entre 14 municipios que vai a beneficiar á cidadanía.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a proposta anteriormente transcrita aprobouse por maioría do/as concelleiro/as presentes, sendo dezaseis votos a favor (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE e 1 do BNG) e catro en contra (4 de AER).

E sendo as catorce horas e corenta minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894